

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ASPAS

TÍTULO I PRECEPTOS XERAIS

CAPÍTULO I CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO -1. - Baixo a denominación de Institución Pedagóxica Especial ASPAS (Asociación de Pais de Subnormais), créase en Santiago de Compostela (A Coruña) esta asociación o día 22 de marzo de 1967, conforme ás leis vixentes na devandita data, modificándose a súa denominación por Asociación de Pais de Persoas con Minusvalía Psíquica, ASPAS, de Santiago de Compostela, de acordo co Real decreto 348/1986, do 10 de febreiro, de data 30 de maio de 1998.

Pola presente modificación estatutaria, pasa a denominarse **Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, ASPAS** e configúrase como entidade sen ánimo de lucro. Foi constituída por tempo indefinido, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, que destinará todos os beneficios que obteña única e exclusivamente a ser reinvestidos no fin social da propia institución e aberta a calquera posible beneficiario que reúna as condicións e características esixidas pola indole dos propios fins da entidade, avaliándose o seu acceso en función da capacidade dos recursos da asociación e do seu mantemento futuro.

A asociación rexererase polos presentes estatutos, as normas e regulamentos internos que os desenvolvan e que non poderán contravilos, a Constitución española, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, normas concordantes, disposicións legais e demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa de aplicación en cada momento.

CAPÍTULO II MISIÓN, VALORES E FINS DA ASOCIACIÓN

ARTIGO -2. - A misión da asociación é conseguir e facilitar os apoios necesarios para a defensa e a mellora dos dereitos e da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, considerando todas elas como xeradoras de dereitos e deberes. Orientada sempre polos principios de integración social e de normalización, a calidade na actuación da organización, o interese pola globalidade do colectivo de persoas con discapacidade intelectual, así como a promoción integral destas, coa debida adaptación ás súas posibilidades e limitacións.

ARTIGO -3. - A asociación terá como valores o traballo e a dedicación na defensa da mellora dos dereitos e calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, a democracia interna en todos os seus actos, a transparencia na súa actuación e xestión e a solidariedade e o respecto entre todos os seus membros.

ARTIGO -4. - Os fins da asociación responden ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual, calquera que sexa o seu grao de afectación, idade ou sexo, e das súas familias; sendo os seguintes:

- a) Promover a creación de centros ocupacionais, servizos de formación ocupacional, de emprego, asistenciais, de día, servizos residenciais, de vivenda, servizos de ocio, tempo libre e deporte ou de calquera outro tipo, co fin de cubrir todas as necesidades que se poidan ir presentando nas distintas etapas da vida das persoas con discapacidade intelectual.
- b) A promoción integral da persoa con discapacidade intelectual e a súa formación humana permanente, así como a asistencia plena en todas as etapas do seu desenvolvemento para conseguir, como fin último, a súa máis completa normalización.
- c) Promover a integración das persoas con discapacidade intelectual no seu contorno familiar e social, así como no mundo laboral.
- d) Prestar servizos de información, orientación e apoio ás familias das persoas con discapacidade intelectual.
- e) Propiciar a creación de servizos de asesoramento, dirixidos a responder ás necesidades do colectivo que forman as persoas con discapacidade intelectual.
- f) Fomentar a colaboración con outras asociacións de fins análogos para o seu logro.
- g) Promover a celebración de cursos, conferencias, publicacións e, en xeral, a realización de calquera outra actividade que facilite ou posibilite a formación e información dos pais, titores, voluntarios e profesionais relacionados coa discapacidade intelectual das persoas.
- h) Apelar á solidariedade social para contar coa colaboración e compresión da cidadanía e do voluntariado.
- i) Procurar a actuación sistemática nos campos da información pública, para mentalizar a sociedade cara a un cambio de actitudes positivas tendentes á consecución da integración e a normalización social das persoas con discapacidade intelectual.
- j) Actuar en defensa dos dereitos e protección das persoas con discapacidade intelectual en todo momento e lugar.
- k) Procurar influir na toma de decisións políticas que beneficien ou afecten os cidadáns con discapacidade intelectual.
- l) Conseguir facer accesibles ás persoas con discapacidade intelectual as pautas e condicións da vida cotiá que sexan tan próximas como sexa posible ás normas e pautas do corpo principal da sociedade.
- m) A tutela e a protección das persoas con discapacidade intelectual.

ARTIGO -5. - Para lles dar cumprimento aos fins propostos, a asociación procurará, na medida en que iso lle sexa posible, a realización das seguintes actividades:

- a) A creación e promoción de centros e servizos ocupacionais; de formación ocupacional, de emprego, asistenciais, de día, residenciais, de vivenda en calquera modalidade, de ocio, tempo libre e deporte e calquera outro que sirva para faci-

- litar a atención, formación, promoción da autonomía e integración na sociedade das persoas con discapacidade intelectual.
- b) A creación e potenciación de todos os servizos que tendan á integración, autonomía e normalización das persoas con discapacidade intelectual, así como aqueles que redunden na formación dos que lles procuren os apoios para o seu desenvolvemento persoal; profesionais, voluntarios e familias.
 - c) Procurarllles e facilitarllles orientación, asesoramento e información aos pais, titulares ou gardadores de feito, sobre os dereitos e recursos públicos e privados das persoas con discapacidade intelectual, ao amparo da lexislación vixente.
 - d) Creación e difusión de publicacións, boletíns informativos, carteis e demás, sobre temas de interese relacionados coa discapacidade, o movemento asociativo, a asociación en xeral e actividades de sensibilización.
 - e) Actividades de tutela e promoción de fundacións tutelares.
 - f) Reivindicación de comportamentos e normas que promovan e sexan compatibles coa dignidade e a debida atención ás persoas con discapacidade intelectual, así como a denuncia de todas aquelas accións que atenten contra a súa dignidade ou dereitos.
 - g) A creación de todo tipo de servizos e de seccións especiais destinadas a cubrir as necesidades existentes no ámbito da discapacidade intelectual.
 - h) Reivindicar melloras cara á atención social das persoas con discapacidade intelectual.
 - i) Realizar ou promover toda clase de estudos, investigacións e traballos de aplicación directa ás persoas con discapacidade intelectual, solicitándose cantas colaboracións se estimen oportunas.
 - j) Manter relacións e cooperar con outras asociacións, federacións, confederacións e entidades, tanto públicas coma privadas, nacionais ou estranxeiras, que persigan fins iguais ou similares para o mellor logro destes.
 - k) Colaborar con entidades públicas e oficiais na mellora dos servizos destinados ás persoas con discapacidade intelectual, vixiendo que os fins para os que foron creados se cumpran e velando pola calidade dos devanditos servizos.
 - l) Denuncia daquelas accións que, pretendidamente en favor das persoas con discapacidade intelectual, constitúen un motivo para o enriquecemento dos seus promotores e atentan contra a dignidade das propias persoas con discapacidade.
 - m) Valerse de calquera medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.
 - n) Promover e poñer atención nas familias das persoas con discapacidade intelectual, a través de servizos de orientación, formación, apoio e calquera outro que licitamente permita desenvolver os fins estatuarios.

ñ) Calquera outra actividade lícita que coadxuve ao cumprimento dos fins.

A realización de calquera actividade e a creación de centros e servizos deberán ser baixo o parámetro da mellora continua, con sistemas de avaliación e indicadores de resultados, sempre encamiñados ao cumprimento da misión.

As actividades desenvolvénsense con suxeición ao disposto no artigo 32.1 b da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, de modo que non estean restrinxidas exclusivamente a beneficiar os asociados, así como ao disposto no artigo 3, apartados 3.^º e 4.^º da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal de entidades sen fins lucrativos e de incentivos fiscais ao mecenado e normas que as desenvolvan ou substitúen, sen prexuízo das excepcións que para investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, servizos de asistencia social e deportivos establece a citada normativa.

CAPÍTULO III DOMICILIO

ARTIGO -6. - O domicilio social da asociación ASPAS establecese na rúa Santa Teresa de Jornet, número 19, de Santiago de Compostela (A Coruña) ou ali onde sucesivamente os seus órganos de goberno acorden fixalo.

CAPÍTULO IV ÁMBITO TERRITORIAL

ARTIGO -7. - Na medida das súas posibilidades, o ámbito de actuación da asociación será Galicia.

CAPÍTULO V PERSONALIDADE XURÍDICA

ARTIGO -8. - A asociación terá personalidade xurídica propia, independentemente dos seus asociados, conforme ao capítulo II do título II do Libro I do Código civil español, artigo 35 deste e seguintes, e na súa consecuencia gozará de plena capacidade para ser suxeito a dereito e obrigas e de actitude legal para poder posuir bens de toda clase, así como adquirilos e disponer deles con suxeición á lei e aos presentes estatutos.

CAPÍTULO VI DURACIÓN

ARTIGO -9. - A duración da asociación será indefinida.

TÍTULO II DOS SOCIOS

CAPÍTULO I **PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE SOCIOS**

ARTIGO -10. - A asociación ASPAS estará composta polos pais, familiares, titores, representantes legais, maiores de idade e con capacidade de obrar que, de feito ou de dereito, teñan a tutela, representación legal ou teñan ao seu cargo a custodia e responsabilidade de persoas con discapacidade intelectual.

ARTIGO -11. - Os que soliciten a súa admisión na asociación, necesariamente deberán acreditar a súa condición de pai, familiar, tutor, representante legal, a que se fai referencia no artigo anterior, para ter acceso aos dereitos e deberes dos socios de número dentro desta. A condición de asociado é intransmisible.

ARTIGO -12. - O número de asociados será ilimitado.

ARTIGO -13. - O ingreso na asociación, como membro desta, será voluntario, tanto para os interesados en ingresar, coma para a asociación, en canto a que se reúnan as condicións e características esixidas pola índole dos propios fins da entidade e se avalie o seu acceso en función da capacidade dos recursos da asociación e do seu mantemento futuro.

ARTIGO -14. - A admisión dos asociados efectuarase mediante o seguinte procedemento:

- a) Solicitud por escrito do pai, familiar, tutor ou representante legal interesados en ingresar, dirixida á Xunta Directiva da asociación, acompañando a esta documentación relativa á acreditación dos seus datos persoais ou sociais, así como, se é o caso, relativa ao estado e diagnóstico médico-psicolóxico da persoa con discapacidade intelectual e sobre a tutela, representación legal ou custodia desta.
- b) Sinatura, por parte do solicitante, dun protocolo de compromiso coa misión, valores e fins da asociación, o acatamento dos presentes estatutos, normas e regulamentos internos que os desenvolvan, así como da obriga de facilitar a documentación que lle fose requirida pola Xunta Directiva, necesaria para o ben e bo funcionamento da asociación e dos intereses das persoas con discapacidade intelectual.
- c) Acordo da Xunta Directiva, mediante o cal, tras as comprobacións que considere oportunas, estimará ou desestimará a admisión solicitada, baseándose no contido dos presentes estatutos e demais normativa legal de aplicación, na próxima reunión que celebre.

ARTIGO -15. - Non poderán formar parte da asociación ASPAS os interesados que non teñan capacidade de obrar ou que estean suxeitos a algunha condición legal para o exercicio do dereito.

CAPÍTULO II **PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO E DO REINGRESO**

ARTIGO –16. - Os membros da asociación ASPAS perderán a súa condición de socio por algunha das seguintes razóns:

- a) Por cesamento voluntario, cando o socio rescinde libremente a súa pertenza á asociación, comunicándo por escrito á Xunta Directiva coa debida antelación.
- b) Por incapacidade legal, dende que concorra tal circunstancia no socio.
- c) Por non pagamento de cotas, achegas ou derramas económicas establecidas, unha vez transcorridos sesenta días dende a data do requerimento de pagamento, cando este non se efectuase.
- d) Por incumprimento dos estatutos, cando se observe unha conduta grave e contraria ao disposto nestes por parte dun asociado.
- e) Por exclusión, debido ao incumprimento grave dos deberes que, a súa condición de socio, lle sinalen os estatutos, normas e regulamentos de réxime interno que os desenvolvan.
- f) Por expulsión, cando se dea un motivo grave de calquera natureza que, a xuízo da Xunta Directiva, tras as comprobacións e amoestacións oportunas, un asociado deba ser obxecto de segregación da asociación.
- g) Por falecemento do asociado.

ARTIGO –17. - Nos casos de separación obligatoria dos asociados da asociación ASPAS, consideradas no artigo anterior, o procedemento será o seguinte:

- a) A Xunta Directiva comunicaralle ao asociado a apertura de expediente sancionador de separación da asociación, no prazo máximo de sesenta días dende o momento en que se produza o feito motivador grave que dea orixe este, logo da audiencia ao interesado.
- b) O asociado terá un prazo máximo de quince días para formular as alegacións que considere pertinentes á súa defensa, ante a Xunta Directiva.
- c) A Xunta Directiva deberá resolver o expediente nun prazo máximo de tres meses dende a recepción das alegacións e, de non ser presentadas estas polo formado expediente, dende a última data do prazo que se lle dese para podelas presentar.
- d) Se a resolución do citado expediente fose sancionadora, dende ese momento o asociado permanecerá en situación de baixa na asociación, de xeito cautelar, ata a súa ratificación pola primeira Asemblea Xeral que se celebre, ante a que poderá recorrer o sancionado mediante escrito-informe que lles será lido a todos os socios asistentes a esta, por quien a presida, no mesmo punto no que se solicite a ratificación da sanción.

ARTIGO –18. – Reingreso: os socios que fosen baixo anterior, tanto voluntariamente coma de oficio, poderán solicitar o seu reingreso, sempre que demostren que cumplen as condicións e requisitos necesarios para causar alta e aboén as débedas económicas que teñan contraídas coa asociación, se as houbese.

CAPÍTULO III CLASES DE SOCIOS

ARTIGO- 19. - Establéicense tres clases de socios:

- a) Socios de número.

- b)** Socios fundadores.
- c)** Socios de honra.

ARTIGO –20. - Serán socios de número todos aqueles pais, familiares, titores, representantes legais, maiores de idade e con capacidade de obrar que, de feito ou de dereito, teñan a tutela, representación legal ou teñan ao seu cargo a custodia e responsabilidade de persoas con discapacidade intelectual e que sexan admitidos na asociación como tales.

ARTIGO- 21. - Considéranse socios fundadores, en recoñecemento permanente pola súa iniciativa, os socios numerarios que redactaron e asinaron a acta fundacional da asociación ASPAS.

ARTIGO- 22. - Serán socios de honra os que reúnan os méritos suficientes, polo seu prestixio, os que contribuisen de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da asociación ou que prestasen apoios extraordinarios na orde representativa, cultural, técnica, financeira ou calquera outra e, ademais, así o acorde a Asemblea Xeral por proposta da Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV **DEREITOS E DEBERES DOS SOCIOS**

ARTIGO –23. - Son dereitos dos socios de número:

- a)** Participar nas actividades da asociación e nos seus órganos de governo e representación, a exercer o seu derecho de voto, así como a asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos presentes estatutos.
- b)** Ser informado acerca da composición dos órganos de governo e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c)** Ser oido con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, se é o caso, impofía a sanción.
- d)** Impugnar os acordos dos órganos da asociación que considere contrarios á lei ou aos estatutos.
- e)** Acceder a todos os documentos de obrigado cumprimento pola lexislación vixente ou polos estatutos, a través dos órganos de representación, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- f)** Asistir ás asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, da asociación, que se convoquen, con voz e voto.
- g)** Elixir e ser elegibles para ocupar cargos na Xunta Directiva da asociación.
- h)** Facer uso dos servizos que a asociación estableza, de conformidade cos estatutos, normas e regulamentos que os desenvolvan.
- i)** Ser beneficiarios de cuntas actividades se desenvolvan para o cumprimento dos fins da asociación, segundo se estableza polos seus órganos de governo.

- j) Poder colaborar, dentro das súas posibilidades, en todo aquilo que sirva para manter e ampliar o prestixio da asociación e a consecución dos seus fins.
- k) Poder expoñerelles aos órganos de goberno as iniciativas e suxestións que crean oportunas, a prol do mellor cumprimento dos fins da asociación.
- l) Ser representados nos actos plenarios, na súa ausencia motivada por causa maior, mediante autorización por escrito, por outro familiar directo da persoa con discapacidade intelectual, sobre a que o socio de número teña a súa tutela, representación ou custodia e responsabilidade; pai, nai ou irmán.
E, polos mesmos motivos e nas mesmas condicións, ser representado por outro socio de número.
- m) Causar baixa na asociación cando así o desexen.
- n) En xeral, todos aqueles que recoñeza a normativa vixente en cada momento.

ARTIGO –24. - Son deberes e obrigas dos socios de número:

- a) Velar polo prestixio, imaxe e bo nome da asociación.
- b) Cumprir o dispuesto nos presentes estatutos, nos regulamentos de réxime interior que a asemblea aprobe e os acordos legalmente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación dentro das súas competencias.
- c) Facilitarelles aos órganos de goberno a documentación que lle sexa solicitada, necesaria para o funcionamento da asociación, ou que sexa esixida polas entidades públicas ou organismos oficiais.
- d) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes aos cargos directivos da asociación para os que fosen elixidos.
- e) Compartir os fins da asociación e colaborar para a súa consecución, participando diligentemente nas accións accordadas polos seus órganos de goberno.
- f) Satisfacer con puntualidade as cotas, achegas e derramas económicas que, conforme aos estatutos ou aos acordos dos órganos de goberno da asociación, lle poidan corresponder a cada socio.
- g) Non actuar en contra da misión e valores da asociación, absténdose de practicar actividades prexudiciais, dentro ou fóra dela, que dalgunha forma obstaculicen o cumprimento dos fins que lle son propios.
- h) Asistir ás asembleas, tanto ordinarios coma extraordinarios, e demais actos da asociación.
- i) A defensa en todo momento e lugar das persoas con discapacidade intelectual e os seus intereses, en xeral, e as pertencentes á asociación, en particular.
- j) Observar en todo momento, dentro da asociación, un comportamento de respeito e consideración cara aos demais socios, persoas con discapacidade intelectual e membros da Xunta Directiva e demais persoas vinculadas á entidade, ainda que nalgunha circunstancia concreta puidesen existir discrepancias.

CAPÍTULO V

COOPERADORES DA ASOCIACIÓN

ARTIGO –25. - Sempre co acordo favorable da Xunta Directiva, sen ter a condición de asociados, de xeito regular ou esporádico, por iniciativa propia ou por invitación dos órganos de goberno e representación da asociación, poden existir persoas ou entidades que cooperen coa entidade como:

Colaboradoras: participando de xeito desinteresado, voluntario e altruista en actividades que a asociación desenvolva, tales como o Club de Ocio e Tempo Libre, deportes, lúdicas, excursións, viaxes, de educación, de formación, entre outras.

Protectoras: as que, ao igual que as anteriores, de xeito altruista, cooperan coa asociación mediante achegas de tipo económico ou en especie.

Xuvenis: persoas maiores de 14 anos e menores de 30, co consentimento documentalmente acreditado das persoas que deban suplir a súa capacidade cando proceda que, de xeito desinteresado e voluntario, cooperen co Club de Ocio e Tempo Libre e Deportes da Asociación, participando nas súas actividades.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO E REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN

CAPÍTULO I ENUMERACIÓN ÓRGANOS DE GOBIERNO

ARTIGO –26. - A asociación rexerase polo sistema de autogoberno e o principio de representación democrática, a través dos seguintes órganos:

- a) ASEMBLEA XERAL
- b) XUNTA DIRECTIVA

Así mesmo, poderá existir un órgano de xestión que será desempeñado polo xerente.

ARTIGO –27. - Delegación:

No caso de que un asociado non poida asistir, por causas de forza maior, á Asemblea Xeral, poderá delegar por escrito noutro familiar directo da persoa con discapacidade intelectual, sobre a que o socio de número teña a súa tutela, representación ou custodia; pai, nai ou irmáns, exclusivamente.

Polos mesmos motivos e nas mesmas condicións, poderá delegar noutro socio de número.

Ningún socio de número poderá presentar máis de dúas delegacións ante o órgano que presida a Asemblea Xeral.

ARTIGO –28. - Todos os socios de número teñen os mesmos dereitos e as mesmas obrigas e disporán cada unha deles dun voto nas deliberacións da Asemblea Xeral.

CAPÍTULO II ASEMBLEA XERAL

ARTIGO –29. - A Asemblea Xeral é o máximo órgano de governo e deliberación da asociación. Comporán todos os asociados numerarios e os seus acordos, democrática e estatutariamente adoptados, serán de obrigado cumprimento para todos os asociados.

Terán dereito a asistir con voz e voto á Asemblea Xeral todos os socios numerarios que se atopen ao corrente de pagamento das súas obrigas económicas coa asociación e non

se atopen suspendidos no exercicio dos seus dereitos. A Xunta Directiva deberá asistir á Asemblea Xeral ao completo dos seus membros, salvo causa de forza maior xustificada. Tamén poderán asistir, se así o ordena ou autoriza o presidente, os directores, xerentes, asesores técnicos e outras persoas que teñan interese na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade intelectual e na boa marcha dos asuntos da asociación, que terán voz pero non voto.

ARTIGO –30. - Convocatoria:

- a) As convocatorias das asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, deberán ser feitas no seu momento polo presidente, baseándose en acordos da Xunta Directiva.
- b) Serán realizadas cunha antelación de quince días, polo menos, respecto da data fixada para a celebración do acto.
- c) No caso das extraordinarias, sempre que razóns de urxencia nos asuntos para tratar nesta o xustifiquen, o mencionado prazo poderá reducirse, se ben non será inferior a oito días.
- d) Nas convocatorias debe indicarse o carácter de ordinarias ou extraordinarias, a orde do día, lugar, data e horas previstas para a celebración en primeira ou segunda convocatoria.
- e) Se non se alcanzase quórum de asistencia na primeira convocatoria, unha hora despois poderá celebrarse a Asemblea Xeral en segunda convocatoria.
- f) Se no anuncio da primeira convocatoria non se prevé a data da segunda, ao anunciarase esta deberá conseguir unha antelación non inferior a oito días.
- g) Comunicaranse as convocatorias mediante escrito dirixido aos asociados, no que se faga constar o contido do apartado d) deste artigo e mediante publicación nos taboleiros de anuncios da asociación. A Xunta Directiva valorará a posibilidade de anunciar a convocatoria nalgún medio de comunicación.

ARTIGO –31. - Funcións da Asemblea Xeral:

- a) Elixir, cesar e renovar o nomeamento do presidente da asociación.
- b) Fixar as cotas, derramas e demais achegas que deban pagar os socios por proposta da Xunta Directiva.
- c) Aprobar, se é o caso, a memoria e as contas do exercicio anterior.
- d) A confirmación da expulsión de socios.
- e) A modificación de estatutos.
- f) O nomeamento dos socios de honra, por proposta da Xunta Directiva.
- g) Acordar a disolución, fusión ou transformación da asociación.
- h) Aprobar o plan de actuación e o orzamento do exercicio seguinte.
- i) A constitución de federacións e a integración en estruturas de segunda orde.
- j) A transmisión de inmóbiles e de calquera outro elemento patrimonial por importe superior a 30.000 €, que serán actualizados segundo a variación anual do índice xeral do IPC (incremento de prezos ao consumo) estatal, publicado polos organismos competentes en xaneiro de cada ano.
- k) Acordar calquera endebedamento con garantía hipotecaria ou outro tipo de endebedamento bancario que supoña superar o importe do 15% (quince por cento) do fondo social da asociación ao peche do exercicio precedente.
- l) Aprobar as normas e regulamentos de réxime interno que desenvolván os estatutos da asociación, por proposta da Xunta Directiva.
- m) Acordar o traslado do domicilio social da asociación.

- n) Establecer o réxime disciplinario da asociación, por proposta da Xunta Directiva.
- ñ) Acordar a creación de fundacións.
- o) E, en xeral, outros asuntos que pola súa importancia así o decida a propia asemblea, por proposta da Xunta Directiva.

ARTIGO –32. - As asembleas xerais poden ser ordinarias e extraordinarias e ambas as dúas estarán presididas polo presidente da Xunta Directiva, asistido polo secretario e os demais membros. Na súa ausencia, asumirá a presidencia da asemblea calquera dos seguintes membros da Xunta Directiva, pola orde que se cita: vicepresidente, secretario, vicesecretario, tesoureiro, vicetesoureiro ou o vogal de máis idade, os que serán asistidos en calidade de secretario, por quen corresponda dentro da Xunta Directiva (secretario ou vicesecretario) ou, no seu defecto, polo compoñente desta que eles designen.

Cando o anterior non fose posible, o presidente e o secretario da Asemblea Xeral serán nomeados ao inicio da reunión polos socios numerarios asistentes a esta.

Corresponderá ao presidente dirixir as deliberacións, conceder o uso da palabra, determinar o tempo de duración das sucesivas intervencións e calquera outra que coadxuve o mellor e máis eficaz desenvolvemento do acto asembleario.

ARTIGO –33. - A Asemblea Xeral ordinaria reunirase unha vez ao ano, forzosamente dentro dos catro primeiros meses.

ARTIGO –34. - A Asemblea Xeral extraordinaria reunirase cando a Xunta Directiva o acorde ou cando sexa solicitado por escrito por un número de socios igual ou superior á terceira parte dos numerarios.

ARTIGO –35. - As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedan validamente constituídas:

- a) En primeira convocatoria, cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioria (metade máis un) dos socios de número.
- b) En segunda convocatoria, calquera que sexa o número dos socios de número concorrentes.

Entre a primeira e a segunda convocatoria mediará unha hora.

ARTIGO –36. - A Asemblea Xeral, tanto ordinaria coma extraordinaria, quedará validamente constituída, ainda non sendo previamente convocada por escrito, se reunidos todos os socios numerarios estes decidisen por unanimidade celebrala.

ARTIGO –37. - Os acordos adoptaranse tanto nas asembleas xerais ordinarias coma nas extraordinarias, por maioria simple (maioria dos votos emitidos) dos socios presentes ou representados. Non obstante, requirirase tanto en primeira coma en segunda convocatoria o voto favorable das dúas terceiras partes dos socios presentes ou representados nos seguintes asuntos:

- a) Elixir, cesar e renovar o nomeamento do presidente da asociación.
- b) A modificación de estatutos.
- c) Acordar a disolución, fusión ou transformación da asociación.
- d) A constitución de federacións e a integración en estruturas de segunda orde.

- e) Acordar calquera endebedamento con garantía hipotecaria ou outro tipo de endebedamento bancario que supoña superar o importe do quince por cento (15%) do fondo social da asociación, ao peche do exercicio precedente.

- f) Acordar a creación de fundacións.

Os acordos tomados estatutariamente pola Asemblea Xeral, tanto ordinarios coma extraordinarias, gozarán de forza executiva; non se verán suspendidos pola impugnación destes, salvo que a autoridade administrativa ou xudicial resolva en sentido contrario e serán de inmediato e obrigado cumprimento para todos os asociados, mesmo os disidentes e os que non participasen no acto asembleario.

ARTIGO –38. - De cada Asemblea Xeral redactarase unha acta, redactada polo secretario no Libro de actas correspondente e deberase expresar nela o lugar, data e hora da reunión, o número de asistentes a esta, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando o quórum de votación obtido.

As actas serán subscritas, en todo caso, polo presidente e o secretario da asociación.

As certificacións das actas da Asemblea Xeral serán expedidas polo secretario, co visto e prace do presidente.

ARTIGO –39. - Sen prexuízo das accións de nulidade dos acordos sociais contrarios á lei, os socios poderán impugnar os acordos e actuacións da asociación cando sexan contrarios aos estatutos, dentro do prazo de corenta días (40) a partir da súa data de adopción, instando a súa anulación e a suspensión preventiva, se é o caso, ou acumulando ambas as dúas pretensiós, polos trámites establecidos na Lei de axuizamento civil.

CAPÍTULO III

NORMAS SOBRE DESENVOLVIMENTO E FUNCIONAMENTO DA ASEMBLEA

ARTIGO –40. - Unha vez formada a Mesa da Asemblea Xeral da asociación, o presidente, asistido do secretario e dos demais membros da Xunta Directiva, presidiraa, dirixirá os debates, concederá o uso da palabra por rigorosa quenda de petición e coidará de que as intervencións se axusten en todo momento ao asunto que se debata e ao tempo por el establecido, que será o mesmo para todos.

ARTIGO –41. - Os socios que interveñan nos debates oralmente pediranlle a quenda de palabra ao presidente alzando a man; unha vez concedida a palabra, farán uso dela libremente, axustándose en todo momento ao asunto debatido e gardando silencio cando lle sexa retirada a palabra por quen lla concedeu. Calquera asistente ao que lle fose retirado o uso da palabra e continúe falando poderá ser expulsado da asemblea e tamén se, sendo requerido dúas veces consecutivas ou máis polo presidente para que garde silencio, non o fixese.

ARTIGO –42. - Todo socio de ASPAS ten dereito a facer uso da palabra no seo da asemblea e a expresar libremente as súas ideas sobre o punto da orde do día que se debaterá, logo da petición ao presidente, que está obrigado a conceder este derecho

por rigorosa quenda de petición; unha vez concedida a palabra, soamente poderá ser interrompido por quen lla conceda.

ARTIGO –43. - O socio en uso da palabra exercerá o seu dereito dirixindose cara a toda a asemblea e nunca cara a unha persoa en particular, salvo nos casos de rogos e preguntas, que se dirixirán á Mesa. O socio aludido persoalmente nunha intervención gozará do dereito de réplica, que terá que ser concedida polo presidente.

ARTIGO –44. - Todo socio poderá facer verbalmente, no seo da Asemblea Xeral, os rogos, preguntas e propostas que estime convenientes. En ningún caso, as preguntas ou os rogos darán lugar a debate.

ARTIGO –45. - Ningún socio podrá facer uso da palabra sen a venia do presidente, quen a concederá no lugar e tempo que corresponda e sempre dentro da orde do dia da asemblea.

ARTIGO –46. - En toda intervención os socios deberán cinguirse á proposición obxecto do debate, expresándose en forma correcta e evitándolle molestar á asemblea ou a algúns dos asistentes a esta.

ARTIGO –47. - Durante o debate, e no que se refire ás súas intervencións, tanto o propoñente coma o resto da asemblea atenderán as indicacións do presidente. Se estas non fosen atendidas, serán chamadas á orde por primeira vez polo presidente, quen o efectuará por segunda vez se o requirido persistise na súa actitude e, neste caso, poderá retirarlle o uso da palabra por todo o resto da reunión. Se a gravidade do caso así o esixe, o presidente expulsará a este da asemblea, requirindo para iso a intervención da forza pública, en caso de que sexa absolutamente necesario.

ARTIGO –48. - En todos os asuntos que se formulen no seo da asemblea, os membros da Xunta Directiva, sen consumir a súa quenda, poderán intervir cantas veces e estimen oportuno, co permiso do presidente, tanto para facilitar información como para aclarar conceptos ou expresar a súa posición.

ARTIGO –49. - Cando un socio estea no uso da palabra, soamente poderá ser interrompido por quen presida a asemblea.

ARTIGO –50. - Esgotadas as intervencións regulamentarias e efectuadas as votacións pertinentes, non se poderá continuar o debate por ningún concepto, unha vez coñecido o seu resultado.

ARTIGO –51. - Cando así proceda, o presidente da asemblea será o único responsable do control estrito dos escrutinios das votacións e o único autorizado a abrir a urna, unha vez rematada a votación.

ARTIGO –52. - O escrutinio efectuarao o presidente, auxiliado do secretario, operación que poden presenciar cantos socios asistentes á asemblea o desexen e daráse-lle conta detallada do resultado deste a toda a Asemblea Xeral.

CAPÍTULO IV

XUNTA DIRECTIVA

ARTIGO -53. - Definición:

A Xunta Directiva é o órgano de goberno, representación e xestión da asociación, en toda a súa amplitud e medida, e correspondeille todos os actos propios das finalidades da entidade, en canto á defensa e consecución dos seus fins.

Compételle a esta xestionar e representar os intereses da asociación, sen máis limitacións que as establecidas pola lei ou os estatutos, en canto a disposicións e directivas de competencia exclusiva da Asemblea Xeral.

ARTIGO -54. - Composición:

- a) A Xunta Directiva estará composta por socios de número da asociación. Se ben, ainda non séndoo, poden pertencer a esta todas aquelas persoas vinculadas moralmente, pai, nai ou irmáns, (en relación coa persoa con discapacidade intelectual) que, pola súa valía, calidades, medios e disposición, poidan ser de grande axuda para a asociación. De todos os xeitos, o setenta por cento (70%) dos membros da Xunta Directiva serán socios de número.

O presidente da Xunta Directiva da asociación será sempre un socio de número que non teña vinculación ningunha como traballador asalariado da asociación, nin actividade ou negocio que poida crear conflito de intereses con esta; requisitos sen os cales non poderá presentarse para a súa elección como tal.

- b) A Xunta Directiva integrarana os seguintes cargos: presidente, vicepresidente, secretario, vicesecretario, tesoureiro, vicetesoureiro e tres vogais.

- c) Só poderán formar parte da Xunta Directiva da asociación:

1. - Os socios de número que estean ao corrente de pagamento das súas obligas económicas coa asociación e en pleno uso dos seus dereitos estatutarios.
- 2.. - As persoas, non socios de número, ás que se refire o apartado a) do presente artigo, maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incursos en motivos de incompatibilidades establecidas na lexislación vixente.

ARTIGO -55. - Elección de cargos:

- a) As candidaturas a presidente da asociación consistirán en listas cos nomes e as sinaturas de nove socios de número ou persoas referidas no apartado a) do artigo anterior, na porcentaxe que se establece neste. De entre os socios de número, un deles figurará como candidato a presidente e os demais asinantes avalarán comprometéndose a formar parte da Xunta Directiva que presida, en caso de ser elixido.
- b) A Xunta Directiva, en goberno, establecerá un prazo de 15 días para a presentación de candidaturas a presidente da asociación, que finalizará 10 días antes da data fixada para a celebración da Asemblea Xeral. Os candidatos, no devandito prazo, deberán presentar a candidatura ante a Xunta Directiva, debidamente cuberta conforme ao que refire o apartado anterior.

- c) Finalizado o prazo de presentación de candidaturas a presidente da asociación, a Xunta Directiva fará públicas para coñecemento xeral, polo medio que considere máis idóneo, todas as que fosen presentadas.
- d) A Asemblea Xeral elixirá o presidente da asociación facultándoo para designar os cargos dos componentes da Xunta Directiva que presidirá e, se é o caso, remover ou renovar os seus membros, así como suplir as vacantes que poidan producirse durante o seu mandato. Todo iso dentro do máis estrito cumprimento estatutario e dando cumplida conta na primeira Asemblea Xeral que se celebre.
- e) Unha vez elixido o presidente da asociación, conformará a Xunta Directiva que presidirá.
- f) No caso de que non se presentase ningunha candidatura, a Xunta Directiva proporá unha terna á Asemblea Xeral.

ARTIGO –56. - Duración dos cargos:

- a) A Xunta Directiva renovarase cada 4 anos.
- b) No caso de que non existan candidatos para a renovación da Xunta Directiva, esta entenderase prorrogada no cargo ata que a seguinte Asemblea Xeral designe os que deban substituílos.
- c) Os membros da Xunta Directiva cesarán por transcurso do período do seu mandato, por renuncia voluntaria, por perda da condición de asociado, por acordo do presidente desta e este por acordo da Asemblea Xeral.
- d) No caso de cesamento ou dimisión do presidente, entenderanse destituidos todos os membros da Xunta Directiva, e esta, en funcións, convocará no prazo máximo de dous meses Asemblea Xeral para elixir un novo presidente, quen conformará unha nova xunta directiva.
- e) As vacantes que se produzcan na Xunta Directiva, durante os 4 anos de mandato, serán renovadas polo seu presidente.

ARTIGO –57. - Os cargos de representación legais da Xunta Directiva son puramente gratuitos e de liberalidade, non percibindo ningún tipo de honorarios nin retribución ningunha, sen prexuízo do dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desempeño que a súa función lles ocasiona, sen que as cantidades percibidas por este concepto poidan exceder dos límites previstos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas para ser considerados axudas de custo exceptuadas de gravame.

ARTIGO –58. – Correspónelle á Xunta Directiva:

- a) Exercer a plena representación da asociación en todos os ámbitos.
- b) Vixiar a fiel observancia dos estatutos.
- c) Resolver a admisión e propoñer a expulsión de socios.
- d) Dirixir, organizar e coordinar as actividades da asociación e os centros que promova e levar a súa xestión administrativa e económica.
- e) Elaborar e someter anualmente a aprobación da asemblea ordinaria correspondente ás contas anuais, á memoria, ao presuposto e ao programa de actividades da asociación.
- f) Resolver as solicitudes de admisión dos socios e usuarios da asociación.
- g) Controlar e supervisar a xestión do persoal empregado da asociación, nomear, despedir, fixar as súas remuneracións e demais.

- h)** Trazar as liñas de acción para o mellor cumprimento dos fins sociais e arbitrar e aplicar os medios necesarios para o seu desenvolvemento.
- i)** Elaborar e proponer os regulamentos de réxime interno dos centros e servizos.
- j)** Executar os acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- k)** Suspender temporalmente no exercicio dos seus dereitos a socios, cando así proceda estatutariamente.
- l)** Incoar expedientes disciplinarios a socios e acordar a sanción que deba imponerse, cando así proceda estatutariamente.
- m)** Contratar seguros contra riscos de calquera tipo, asinando as pólizas ou documentos correspondentes e cobrando, se é o caso, as indemnizacións.
- n)** Nomear o xerente da asociación.
- ñ)** Calquera outra facultade que non sexa competencia exclusiva da Asemblea Xeral.
- o)** Crear comisións de traballo e, en xeral, planear, decidir e resolver sobre calquera asunto de interese para a asociación, tendo en conta que as presentes atribucións son simplemente enunciativas e non limitativas.

ARTIGO –59. - Funcionamento:

- a)** A Xunta Directiva reunirase unha vez ao mes de xeito ordinario e poderá reunirse con carácter extraordinario, sempre que a convoque o presidente por si ou a petición de tres dos seus compoñentes.
- b)** Na reunión ordinaria de cada mes poderá fixarse a data da reunión do seguinte, co que se entenderá convocada nese momento.
- c)** A convocatoria da reunión realizará o presidente por escrito, cun prazo mínimo de oito días para as ordinarias e o que marque a urxencia nas extraordinarias, con relación á data de celebración destas, expresando a data, hora, lugar e a orde do dia.
- d)** Asistirán ás reunións, con voz pero sen voto, o xerente da asociación e as persoas que o presidente ordene ou autorice de xeito xustificado.
- e)** A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando asistan, presentes ou representados, a metade máis un dos seus membros. Será dirixida polo presidente ou por quien o substitúa, que irá expoñendo os asuntos da orde do dia para a súa deliberación. Os acordos tomaranse por maioría simple, decidindo en caso de empate o voto de coidade do presidente. Todo iso, tanto en primeira coma en segunda convocatoria.
- f)** Os acordos da Xunta Directiva recolleranse no Libro de actas polo secretario que os asinará, co visto e prace do presidente. As certificacións das actas expedíraas o secretario, co visto e prace do presidente.
- g)** En caso de ausencia ou enfermidade do presidente, este será substituído polo vicepresidente. As sesións da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral nas que non puidesen estar presentes nin o presidente nin o vicepresidente serán presididas segundo o establecido no artigo 32 dos presentes estatutos.

ARTIGO –60. - Funcións do presidente:

O presidente exercerá a representación legal da asociación e da súa Xunta Directiva ante calquera persoa física ou xurídica, que poderá delegar no vicepresidente.

Serán, entre outras, funcións do presidente:

- a) Executar, en nome da asociación, as facultades que teñen atribuídas a Xunta Directiva.
- b) Convocar, presidir e levantar as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, dirixir as súas deliberacións e aprobar a orde do día para presentar.
- c) Ordenar os pagamentos con cargo a fondos da asociación e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- d) Velar pola execución dos acordos adoptados polos órganos de governo da asociación e polo cumplimento dos seus estatutos.
- e) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da asociación requira ou aconselle para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de lendar conta posteriormente á Xunta Directiva.
- f) Autorizar créditos e empréstitos, conforme ao apartado k) artigo 31, con calquera entidade financeira. Así mesmo, dispoñer coa súa sinatura mancomunada coa do vicepresidente ou a do tesoureiro, dos fondos propios da asociación, que sexan necesarios para a boa administración desta.
- g) Xestionar calquera acto administrativo a favor da asociación ante calquera organismo do Estado, das administracións autonómicas, provinciais e locais ou de calquera ente público, cando así o requira.
- h) Delegar as súas facultades, totais ou parciais, por poder notarial, a favor de vogais, así como do xerente cando o considere oportuno e, así mesmo, outorgar poderes a avogados e procuradores ou a calquera profesional, cando sexa necesario e así o considere oportuno.

ARTIGO –61. - Funcións do vicepresidente:

Correspóndelle ao vicepresidente as funcións de representación que lle outorgue o presidente e a substitución deste, na súa ausencia, e coas súas mesmas atribucións.

ARTIGO –62. - Funcións do secretario:

- a) Redactar as actas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, autorizándolas coa súa sinatura.
- b) Expedir certificados e testemuños de particulares das referidas actas ou outros asuntos que así o requiran, co visto e prace do presidente ou de quien o substitúa.
- c) Coidar de que os libros e documentos oficiais da asociación, así como as actas e as súas certificacións, estean conformes a derecho e axeitadamente conservados e custodiados.
- d) Redactar as convocatorias que lle encargue o presidente.
- e) Asesorar e documentar a Xunta Directiva e Asemblea Xeral en asuntos da súa competencia, emitindo o correspondente informe, tras o debido asesoramento.

En caso de ausencia ou enfermidade do secretario, este será substituído polo vicesecretario e, no seu defecto, polo membro da Xunta Directiva de menor idade, que non sexa o presidente nin o vicepresidente.

ARTIGO –63. - Funcións do vicesecretario:

Correspóndelle ao vicesecretario as funcións que lle encomenda o secretario, a quien asistirá no seu labor en todo momento, substituindoo na súa ausencia coas súas mesmas atribucións.

ARTIGO –64. - Funcións do tesoureiro:

- a) Supervisar a contabilidade da asociación.
- b) Autorizar coa súa sinatura, xunto coa do presidente ou vicepresidente, os pagos que aquel ou quen o substitúa ordene. Ambos poderán delegar esta función no xerente.
- c) Dirixir a preparación dos presupostos da asociación.
- d) Supervisar a cobranza das cotas de socios e demais ingresos da asociación.
- e) Darles o visto e prace a aqueles documentos de tesourería que a Xunta Directiva lle encomenda ou que precisen de tal formalidade.
- f) Dispoñer dos fondos da asociación coa sinatura mancomunada do presidente ou do vicepresidente, sen prexuízo das facultades que se deleguen na Xerenicia.
- g) Custodiar os fondos monetarios da asociación, dos cales responderá en todo momento ante a Xunta Directiva.
- h) Supervisar e controlar a dirección administrativa e contable da asociación.

ARTIGO –65. - Funcións do vicetesoureira:

Corresponderánlle ao vicetesoureira as funcións que lle encomende o tesoureiro, a quien asistirá no seu labor en todo momento, substituindo na súa ausencia coas súas mesmas atribucións.

ARTIGO –66. - Funcións dos vogais:

É misión dos vogais desempeñar as funcións que individualmente lles encomenden, así como ocupar a representación ou delegación da Xunta Directiva nas comisións que poídan formarse para cumplir os fins sociais. Asesorar e participar activamente nas funcións da Xunta Directiva, así como substituir os cargos nominativos segundo a orde prevista.

ARTIGO –67. - Funcións do xerente:

Sempre que sexa considerado necesario, a Xunta Directiva poderá nomear, por proposta do seu presidente, unha persoa que exerza as funcións de xerente da asociación, encendéndolle os labores de xestión e de coordinación xeral das accións, actividades e programas da entidade cos poderes que lle sexan conferidos.

O devandito xerente:

- 1) Quedará vinculado á asociación mediante un contrato laboral en función da normativa vixente.
- 2) Será cesado, cando así proceda, logo do acordo da Xunta Directiva.
- 3) Asistirá, autorizado polo presidente, ás assembleas xerais e ás reunións de Xunta Directiva, con voz pero sen voto, e sen que se compute a súa presenza no relativo a quórum de asistencia.
- 4) Actuará conforme aos criterios de eficiencia e profesionalidade e, baixo a súa dependencia xerárquica, ordenaranse os responsables das diferentes áreas de actuación e o persoal da asociación.

Serán funcións do xerente, entre outras:

- a) Levar a efecto, dende a responsabilidade operativa, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

- b) A administración dos servizos que se lle encomenda no seu máis amplio sentido. A súa responsabilidade abrangue todos os actos directos ou indirectos desta administración.
- c) Dirixir e coordinar os servizos e o persoal da asociación e proponerlle á Xunta Directiva a contratación e o cesamento deste.
- d) A xestión económica e administrativa.
- e) Propoñerlle á Xunta Directiva plans, programas e sistemas de organización que melloren a eficacia da asociación e proporcionarlle asesoramento aos órganos de goberno na toma de decisións en asuntos da súa competencia.
- f) Elaborar e redactar a memoria parcial ou refundida da asociación.
- g) Verificar as contas e estados contables.
- h) Preparar os presupostos xerais ou parciais da asociación.
- i) Controlar e realizar, se é o caso, o cobramento das cotas dos socios e demais achegas económicas que deban chegar estes.
- j) Asistir o secretario e o tesoureiro nas funcións que estes teñen encomendadas, redactando e elaborando cantos documentos lle encomenden estes.

CAPÍTULO V SECCIÓN DA ASOCIACIÓN

ARTIGO –68. - A asociación poderá constituir cantas seccións considere pertinentes para o bo funcionamento desta, de carácter médico, docente, ocupacional, residencial, tutelar, etc. Para iso, redactará un regulamento de funcionamiento interno destes, que deberá ser estudiado pola Xunta Directiva da asociación.

O funcionamento, actividades, competencias e marcha destas seccións serán obxecto, en cada caso, dos acordos da Asemblea Xeral por proposta da Xunta Directiva.

CAPÍTULO VI DA MESA ELECTORAL E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

ARTIGO –69. - A elección de presidente da asociación efectuarase de acordo coas presentes normas.

ARTIGO –70. - Aberto o proceso electoral e ata a constitución da respectiva mesa electoral, corresponderá á Xunta Directiva a resolución de todas as cuestións que se produzan no curso deste, adoptando para tal fin as medidas que sexan necesarias para asegurar a súa celebración, con pleno respecto aos principios democráticos e sen preuxizo das normas complementarias que deba adoptar, de acordo cos presentes estatutos.

ARTIGO –71. - Serán electores todos os asociados que se atopen no pleno uso dos dereitos que en canto a tales lles corresponden. Consecuentemente, non terándereito de sufraxio activo aqueles socios que non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas de toda orde fronte á asociación, así como os que, de acordo coas normas estatutarias aprobadas pola Asemblea Xeral, fosen privadas de tal derecho.

ARTIGO –72. - A participación dos socios na Asemblea Xeral efectuarase ben persoalmente, ben delegando o seu voto. Ningún socio poderá presentar máis da delegación de dous socios ante o órgano que preside a Asemblea Xeral.

ARTIGO –73. - A Asemblea Xeral constituirá a Mesa Electoral, nomeando como presidente e secretario, entre os presentes, o socio de máis idade para o primeiro cargo e o más novo para o segundo, agás que ningún deles sexa candidato ou avale algúna das candidaturas.

No suposto de que tras varios intentos non puidese constituirse a Mesa Electoral, a Xunta Directiva proporá a Asemblea Xeral que, tanto o presidente coma o secretario desta, o sexa tamén da Mesa Electoral, ainda que fosen candidatos, exercendo as funcións da devandita mesa baixo o control e coa asistencia dos interventores nomeados polos candidatos; un interventor por cada candidato.

Os interventores serán nomeados polos candidatos entre os seus avalistas e poderán nomear como tal algún dos socios presentes no acto asembleario.

ARTIGO –74. - A Mesa Electoral disporá como mínimo dunha urna e, en todo caso, as necesarias para o normal desenvolvemento do proceso electoral.

ARTIGO –75. - As eleccións celebraranse no lugar, dia e hora fixadas na convocatoria, na que se expresará o carácter ordinario e extraordinario desta, sen interrupción, e efectuarase con carácter secreto e mediante papeletas que serán idénticas para todos os candidatos en formato e demais, figurando en cada unha delas o nome e apelidos do candidato, de xeito destacado e, en segundo plano, de xeito máis discreto, o nome e apelidos dos socios que o avalan.

A Mesa Electoral disporá dunha relación de electores e outro dos candidatos e os seus avalistas.

ARTIGO –76. - O asociado que, sendo elixible, desexe presentarse como candidato, terá que manifestalo expresamente, mediante escrito presentado ante a Xunta Directiva da asociación, que deberá ter entrada cunha antelación mínima de 10 días naturais á data das eleccións e axustarse ao contido do artigo 55 dos presentes estatutos.

ARTIGO –77. - O sitio onde teña lugar o acto asembleario de eleccións contará con, polo menos, unha cabina ou lugar reservado, co número suficiente de papeletas correspondentes a todos os candidatos, e onde os asociados poderán facer a súa elección en secreto.

ARTIGO –78. - Cando asistan varios candidatos á elección de presidente da asociación, a suma dos votos favorables de todos eles deberá ser igual ou superior ao voto das dúas terceiras partes dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral. Resultará elixido o candidato que, dentro dos referidos dous terzos, consiga máis votos favorables.

ARTIGO –79. - Cando exista empate de votos entre varios dos candidatos, a Mesa Electoral repetirá o acto electoral só cos candidatos empatados, co fin de que sexa resolta tal circunstancia.

ARTIGO –80. - Finalizada a votación, a Mesa Electoral procederá ao escrutinio, que será público e presenciado por todos os interventores e os socios asistentes que o desexen. Levantarase acta do resultado e indicaranse nesta os candidatos que fosen votados, o número de votos obtido por cada un deles e as demais incidencias que a mesa e os asistentes consideren conveniente facer constar, proclamando presidente da asociación o candidato que obtivese maior número de votos.

ARTIGO –81. - As papeletas de votación correspondentes ao escrutinio conservaranse baixo a súa custodia o secretario da Mesa Electoral, ata que sexa redactada e asinada a acta correspondente ao acto asembleario de eleccións e procederase, posteriormente, á súa destrución.

ARTIGO –82. - No caso de producirse algún recurso de impugnación que non sexa aceptado pola Mesa Electoral nin pola Asemblea Xeral, por proposta desta, cando así proceda, os resultados das eleccións serán válidos mentres non se dite resolución xudicial en contrario.

ARTIGO –83. - No suposto de que existise unha soa candidatura a presidente da asociación, a Xunta Directiva proporá á Asemblea Xeral que esta non se someta a votación e sexa declarada electa sen outro requisito. De non ser aceptada a proposta, dará lugar ao nomeamento da Mesa Electoral e abrirase o proceso electoral.

ARTIGO –84. - Os candidatos a presidente da asociación en ningún momento interviran directamente no proceso electoral, transmitindo calquera observación a través do seu interventor.

ARTIGO –85. - Durante o desenvolvemento do proceso de votación, unha vez iniciado este non poderá entrar ningúén no recinto onde teña lugar, sen o permiso do presidente da Mesa Electoral, que o concederá se tal circunstancia, ao seu xuízo, estivese plenamente xustificada.

TÍTULO IV DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO

CAPÍTULO I PATRIMONIO, PRESUPOSTOS E FONDOS DA ASOCIACIÓN

ARTIGO –86. - A asociación para atender economicamente o desenvolvemento dos seus fins contará cos seguintes medios económicos:

- a) As cotas e derramas que satisfagan os membros numerarios e as achegas económicas que realicen as persoas físicas ou xurídicas protectoras.
- b) O rendemento dos seus activos.
- c) As subvencións, doazóns, herdanzas e legados que se fagan a favor da asociación.

- d) As cantidades que perciba a través de convenios e concertos subscritos pola administración.
- e) Os ingresos obtidos das actividades licitas e sen ánimo de lucro que acorde organizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.

ARTIGO –87. - A asociación destinará ao cumprimento dos seus fins, con carácter xeral, o tanto por cento establecido en cada momento pola normativa vixente na materia. Na actualidade, o 70% das seguintes rendas e ingresos:

- a) As rendas das explotacións económicas que desenvolva.
- b) As rendas derivadas da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade. No cálculo destas rendas non se incluirán os obtidos da transmisión onerosa de bens inmóbiles nos que a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reverta en bens e dereitos nos que concorra a devandita circunstancia.
- c) Os ingresos que obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a obtención de tales ingresos.
A asociación deberá destinar o resto das rendas e ingresos a incrementar as reservas.
O prazo para o cumprimento deste requisito será o comprendido entre o inicio do exercicio no que obtivese as respectivas rendas e ingresos e os catro anos seguintes ao peche do devandito exercicio.

ARTIGO –88. - Se o fondo presupostado en anos sucesivos resultase inferior para saldar os gastos do exercicio, a Xunta Directiva poderá, logo do acordo da Asemblea Xeral, cubrir o déficit, ben mediante derrama rateada entre todos os asociados ou cargalos ao presuposto inmediato.

ARTIGO –89. - O patrimonio da asociación será o determinen en cada momento os seus libros e estados contables.

ARTIGO –90. - O exercicio asociativo e económico será anual, coincidindo co ano natural, e comezará o un de xaneiro e finalizará o trinta e un de decembro.

ARTIGO –91. - O presupuesto ordinario de ingresos e gastos do exercicio corrente será presentado pola Xunta Directiva para a súa aprobación á Asemblea Xeral, que se celebrará dentro dos catro primeiros meses de cada ano.

ARTIGO –92. - A documentación social da asociación estará composta por:

- a) Relación de socios.
- b) Libros contables que resulten da aplicación das normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, contidas no anexo I do Real decreto 776/1998, do 30 de abril, ou calquera outra que o substitúa.
- c) Inventario de bens.
- d) Libro de actas da Xunta Directiva
- e) Libro de actas da Asemblea Xeral.

Todos os libros serán dilixenciados polo órgano legal competente.

TÍTULO V DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

CAPÍTULO I

ARTIGO –93. - A asociación disolverase:

- a) Por vontade dos socios manifestada en Asemblea Xeral, co voto favorable dos dous terzos dos socios, presentes e representados.
- b) Por imposibilidade absoluta do cumprimento dos fins para os que foi creada.
- c) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil.
- d) Por sentenza xudicial firme.

ARTIGO –94. - A liquidación da asociación practicarase pola Xunta Directiva que, neste caso, se converterá en Xunta Liquidadora.

ARTIGO –95. - En caso de disolución da asociación, o remanente resultante, se o houbesse e unha vez liquidadas todas as obrigas pendentes, destinarase á entidade ou entidades, sen fin de lucro, de fins análogos e que cumpran os requisitos establecidos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, que determinara a Asemblea Xeral que aprobou a disolución da asociación.

TÍTULO VI DISPOSICIÓN COMÚNS FACULTADE CORRECTIVA E DISCIPLINARIA

ARTIGO –96. - A falta de pagamento ou incumprimento grave dos deberes dun asociado será causa de baixa na asociación.

ARTIGO –97. - A Xunta Directiva elaborará e redactará un regulamento disciplinario, que someterá á aprobación da Asemblea Xeral.

ARTIGO –98. - Establécese unha renuncia expresa e solemne a calquera foro territorial por someterse, tanto a asociación como os seus asociados, ao de Santiago de Compostela (A Coruña). Esta renuncia e sometemento esténdese aos aspirantes a socios que, desde o momento no que subscreiben a proposta de ingreso, se adhieren de forma total e sen limitacións á integridade dos presentes estatutos.

DISPOSICIÓN FINAL.- Todos os prazos sinalados nos presentes estatutos ou nos regulamentos, normas ou acordos ditados para a súa aplicación e desenvolvemento computaranse por días naturais.

DISPOSICIÓN FINAL DERROGATORIA.- Os presentes estatutos derrogan os anteriores, así como as normas e regulamentos de réxime interior que se opoñan a eles.

